

LEMBRE

**A práctica da
autoprotección polos
cidadáns, ademais de
favorecer a cada un deles,
xera a seguridade do
colectivo.**

**Ante calquera
situación de emerxencia
chame ao teléfono**



**Para máis información
www.112galicia.org**

O sistema de protección civil recolle e xera información sobre os previsibles fenómenos meteorolóxicos adversos e, unha vez avaliados os posibles riscos en función dos seus efectos, decide activar a situación de alerta.

Escoite as emisoras de radio e televisión e siga as recomendacións dadas polas autoridades de Protección Civil.

INUNDACIÓNS



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior



VALORES LÍMITE DE METEOROLOXÍA ADVERSA

NIVEL	CHUVIA
AMARELO	40-80 l/m ² en 12 horas 15-30 l/m ² en 1 hora
LARANXA	80-120 l/m ² en 12 horas 30-60 l/m ² en 1 hora
VERMELLO	120 l/m ² en 12 horas 60 l/m ² en 1 hora



QUE FACER EN CASO DE EMERXENCIA

Ante o perigo de inundacións por temporais de choiva ou calquera outra circunstancia, siga estes consellos:

Se está na casa ou nun edificio

- Peche ben as portas e as fiestras.
- Coloque os documentos importantes, os obxectos valiosos, os alimentos e a auga potable en pisos altos.
- Non baixe aos sotos nin quede en zonas de nivel baixo.
- Conduza os animais domésticos a lugares altos e protexidos.

Desconecte o interruptor xeral da electricidade.

Informe ás autoridades da súa situación e a da súa familia.

Se está no coche

- Circule con precaución e vixie posibles desprendementos de terra.
- Non atravesese unha zona inundada.
- Afástese de pontes, torrentes ou zonas que se poidan inundar.
- Non aparque o coche nin acampe nas ribeiras dos ríos.